

## IDEAS CLAVE

## TEXTOS

**TEXTO\_1** 1º: Moitos obxectos necesarios para a vida (vestidos, mobles, ferramenta...) eran fabricados no marco familiar, especialmente no medio rural. 2º: O artesan traballaba só cun número reducido de obreiros, rara vez máis de cinco (...) e podía estar sometido aos regulamentos dos gremios (...) 3º: O capitalismo aparece na organización do mercader - empresario, que proporcionaba aos obreiros (campesiños ou cidadáns) nos seus domicilios a materia prima e ás veces as ferramentas de traballo; máis tarde ía recoller o traballo feito para vendelo no seu proveito tras pagar un salario fixo ao obreiro

J. A. Lesourd e C. Gérard. Historia Económica Mundial (1964).

## SÍNTESE

**TEXTO\_2** A Revolución industrial inglesa foi precedida, alomenos, por douscentos anos de constante desenvolvemento económico (...). As condicións previas principais para a industrialización xa estaban presentes na Inglaterra do século XVIII. Cara 1750 é dubidoso que se puidese falar de campesiñado propietario en extensas zonas de Inglaterra e é certo que xa non se podía falar de agricultura de subsistencia (...) Ademais Inglaterra posuía un extenso sector manufactureiro altamente desenvolvido e un sector comercial aínda máis desenvolvido. O transporte e as comunicacións eran relativamente fáciles e baratas, xa que ningún punto do país dista moito máis de 100 km con respecto ao mar, e aínda menos con respecto a moitas canles navegables

E. Hobsbawm. Industria e Imperio (1968)

## SÍNTESE

**TEXTO\_2** Todos os datos históricos dos que dispoñemos hoxe indican que non foi ata a segunda metade, ou incluso ata o derradeiro terzo do século XIX cando tivo lugar un aumento significativo do poder adquisitivo dos salarios. Da primeira á sexta década do século XIX, os salarios dos traballadores estancáronse en niveis moi baixos, próximos ou mesmo inferiores aos niveis dos séculos XVIII e anteriores. Esta longa fase de estancamento dos salarios, observable en Gran Bretaña e Francia, destaca máis aínda pola aceleración do crecemento económico neste período. (...) No período 1870 - 1914 vemos no mellor dos casos unha estabilización da desigualdade a un nivel extremadamente alto (...) É moi difícil dicir ata onde levaría esta traxectoria sen as grandes crises económicas e políticas iniciadas pola guerra. Coa axuda da análise histórica e un pouco de perspectiva, agora podemos ver esas conmocións como as únicas forzas suficientemente poderosas desde a revolución industrial para reducir a desigualdade. Th. Piketty. *O capital no século XXI* (2013)

## SÍNTESE

